




Distribución:



Magín Blanco presenta:

A banda das apertas

Nesta ocasión o creador de A nena e o grilo Magín Blanco estará acompañado polos músicos María Faltri, Jorque Juncal e Jerry Noia, xuntos irán repasando as aventuras de A nena e o grilo e descubrindo os seus segredos, a través de cancións e contos.

As aventuras inciden directamente en temáticas esbozadas nas entregas de Magín Blanco ao público infantil, tanto na publicada no 2010 “A nena e o grilo no país das apertas” a do 2012 “A nena e o grilo nun barquiño” como do recente estreado “Gatuxo”, pasando tamén por outras publicacións como “María Fumaça” ou “Rosalía pequeniña”.

As músicas irán viaxando polas singulares aventuras nas que se achegarán ao mundo dende a perspectiva mesma dos nenos, sinxela e xenerosa.

Ten un formato de concerto musical, sendo as letras das cancións e as súas introducións as que marcarán o ritmo desta proposta.

Se coa edición dos libros pretendemos estimular a curiosidade e a creatividade dos nenos deixándolle para eles un lugar propio no libro onde podan expresarse, neste directo as cancións abrirán as portas para que poidan crear seu propio universo e achegar as historias dende a súa propia perspectiva.

Con todo, non nos resta mais que desexar: Boa viaxe!






Magín Blanco

Que Magín Blanco proceda do pop, e se achegue agora a un público “sen límite de idade”, dálle certamente un ar fresco a un espectáculo pensado para os máis cativos. O ex da banda La Rosa ve agora como parte do seu público mingua en idade pero conserva intactos, o criterio e a esixencia. **Para a xente miúda fai un espectáculo grande e resolve no escenario con achegas de enerxía, calidade e emocións.**

A nena e o grilo primeira parte -ano 2010

Pódese medrar a través de cancións e imaxes? O espectáculo *A nena e o grilo* de Magín Blanco –cos seus amigos -fíxonos, sen dúbida, un anaco máis grandes. Música do século XXI con tintas de pop, rock, reggae ou bossa nova, relatos que nos fan de que podemos aspirar a un mundo mellor, imaxes que nos achegan ás novas linguaxes. Para saír cuns centímetros de máis, mesmo que sexa en doses de ilusión, creatividade e imaxinación. E tamén, como non, un chisco máis felices.

A nena e o grilo chega aos escenarios da despois de ser presentado en libro-CD por parte da editorial OQO na súa colección Qson. Para dar luz a este traballo de tantas dimensións creativas, Magín Blanco contou coa produción musical de Uxía Senlle, as fantásticas ilustracións de Iván Prieto, e a participación de coñecidos músicos e músicas como Guadi Galego, Uxía Pedreira, FredMartins ou TraciDávila, amais dun coro infantil e coa dramaturxia escénica de Charo Pita.



A nena e o grilo nun barquiño - ano 2013

A que soa *O barquiño*? A bicos roubados, á ledicia de atopar un equilibrio de expresión entre tradición e contemporaneidade . A reafirmar a confianza na música como vehículo e vínculo interxeracional, e entre o individual e o social. A Beatles, harmonías vocais, retrousos contaxiosos, a arpas e zanfonas, a violíns , a arpexos de guitarra, silencio...

E que conta *O barquiño*? A historia dunha viaxe iniciática onde o mundo se presenta como unha aventura por descubrir. Unha aventura amable e luminosa , mais próxima ao intercambio e a partilla que a competitividade e a rivalidade.

E que pasa en *O barquiño*? A realidade afrontase dun xeito absolutamente natural e reflíctese nas propias vivencias dos protagonistas . A simbiose entre o entorno e as experiencias fai posible que a harmonía sexa parte inherente do desenrolo e non tanto unha meta que conquistar.

Que atoparemos no espectáculo de *O barquiño*? Un medio mais para valorar a expresión ao través das artes: música , narrativa, ilustración, poesía. Sempre dende un punto de vista que fai fincapé na horizontalidade , na alegría e na comunicación





Ficha artística

Magín Blanco: Voz, guitarra
Jorge Juncal: Piano, acordeón
Maria Faltri: voz, percusión
Jerry Noia: Baixo
Jesús Lorenzo Rdguez: Batería



Ficha técnica

Duración: 60 min. Aprox.
Público: Público familiar
Técnica: Espectáculo musical

Medidas do escenario:

Ancho: 5m
Alto: 4m
Fondo: 5m

Montaxe: 1,5h.
Desmontaxe: 1h

Ligazóns

Myspace: <http://www.myspace.com/anenaegriolo>
Videoclip Eu falo así: <http://www.youtube.com/watch?v=qOPoGefSZu8>
Video de promo: http://www.youtube.com/watch?v=nVBOVajOV_4
Outros: <http://thetrailersbay.com/video/5jiHrPLLmFs/a-nena-eo-grilo/>

Contacto:



Urdime

PROPOSTAS CULTURAIS
 PARA A INFANCIA E A XUVENTUDE

www.urdime.net | info@urdime.net

T. +34 981937424 | M. +34 679946957 | M. +34 619920335